



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 244 · Venres, 22 outubro 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Cobranza da taxa pola subministración de auga, canon da auga e taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, de varios anos, dos municipios que se relacionan e prazo de cobranza en período voluntario..... 2  
Aprobación definitiva do expediente n.º 8/2021 de modificación dos créditos orzamentarios do orzamento do exercicio 2021..... 3

#### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

##### Consellería de Emprego e Igualdade

##### Xefatura Territorial de Ourense

Modificación no texto do Convenio colectivo de Apetamcor..... 4

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Barco de Valdeorras (O)

Corrección de erros no anexo de persoal funcionario do orzamento 2021..... 5

##### Carballiño (O)

Extracto da convocatoria para a concesión de axudas de libros e material escolar 2021/22..... 6

##### Leiro

Exposición pública do expediente de solicitude de devolución de fianza pola execución da obra "Mellora camiños Leiro 2020-2021"..... 7

##### Ourense

Aprobación da modificación do artigo 16.3 das bases que rexerán a convocatoria de subvencións para as ARRU (antes ARI) da Zona Histórica de Ourense (fase 16); núcleo etnográfico de Seixalbo (fase 11); Polvorín-Camélias-Carballeira (fase 5) e Serra San Mamede - Cruceiro Quebrado - Inmaculada (fase 3) así como a prórroga da convocatoria destas derradeiras dúas ARRU..... 7  
Resolución da Alcaldía de nomeamento de persoal eventual..... 8

##### Ribadavia

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 7/2021..... 9

##### San Cibrao das Viñas

Resolución da Alcaldía pola que se publica a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para cubrir en réxime de interinidade un posto de auxiliar de Axencia de Lectura..... 9

##### Verín

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 10/2021..... 10

#### V. TRIBUNAIS E XULGADOS

##### Xulgado de Instrución n.º 2 Ourense

Notificación de sentenza a Cristina Fernández Reboredo no xuízo sobre delitos leves 276/2021..... 11

#### VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES E OUTROS

##### Comunidade de Regantes de San Miguel de Outeiro

Convocatoria para a asemblea xeral da constitución da Comunidade de Regantes de San Miguel do Outeiro..... 11

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Cobro de la tasa por el suministro de agua, canon del agua y tasa por la recogida de residuos sólidos urbanos, de varios años, de los municipios que se relacionan y plazo de cobranza en período voluntario..... 2  
Aprobación definitiva del expediente n.º 8/2021 de modificación de los créditos presupuestarios del presupuesto del ejercicio 2021..... 4

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

##### Consellería de Empleo e Igualdad

##### Jefatura Territorial de Ourense

Modificación del texto del Convenio Colectivo de Apetamcor..... 5

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Barco de Valdeorras (O)

Corrección de errores en el anexo de personal funcionario del presupuesto 2021..... 5

##### Carballiño (O)

Extracto de la convocatoria para la concesión de ayudas de libros e material escolar 2021/22..... 6

##### Leiro

Exposición pública del expediente de solicitud de devolución de fianza por la ejecución de la obra "Mellora camiños Leiro 2020-2021"..... 7

##### Ourense

Aprobación de la modificación del artículo 16.3 de las bases que regirán la convocatoria de subvenciones para las ARRU (antes ARI) del Casco Histórico de Ourense (fase 16); núcleo etnográfico de Seixalbo (fase 11); Polvorín-Camélias-Carballeira (fase 5) y Serra San Mamede - Cruceiro Quebrado - Inmaculada (fase 3) así como la prórroga de la convocatoria de estas últimas dos ARRU..... 8  
Resolución de la Alcaldía de nombramiento de personal eventual..... 8

##### Ribadavia

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos n.º 7/2021..... 9

##### San Cibrao das Viñas

Resolución de la Alcaldía por la que se publica la lista definitiva de admitidos y excluidos para cubrir en régimen de interinidad un puesto de auxiliar de Agencia de Lectura..... 10

##### Verín

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos núm. 10/2021..... 11

#### V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

##### Juzgado de Instrucción n.º 2 de Ourense

Notificación de sentencia a Cristina Fernández Reboredo en el juicio sobre delitos leves 276/2021..... 11

#### VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES Y OTROS

##### Comunidade de Regantes de San Miguel de Outeiro

Convocatoria para la asamblea general de constitución de la Comunidad de Regantes de San Miguel do Outeiro..... 12



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Cobranza da taxa pola subministración de auga, canon da auga e taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, de varios anos, dos municipios que se relacionan

En exercicio das facultades delegadas polos concellos que se relacionan e unha vez asumidas por esta corporación provincial para a xestión tributaria e recadatoria, publícase e infórmase as/os contribuíntes e demais interesados/as do seguinte:

1. Cobranza de tributos en período voluntario: de conformidade co que dispón o artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, anúnciase a cobranza en período voluntario, co seguinte detalle:

a) Tributo ao cobro:

- Taxa pola subministración de auga e canon da auga: Bande, 3.º trimestre de 2021

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga e taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos: Larouco, 3.º trimestre de 2021

b) Prazo de pagamento en voluntaria: a cobranza en período voluntario terá lugar do 25 de outubro de 2021 ao 31 de decembro de 2021.

c) Lugar e forma de pagamento: os/as contribuíntes recibirán no seu domicilio os impresos dos recibos-resguardo de pagamento, que deberán aboar en calquera oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, BBVA, Banco Santander, Banco Sabadell-Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) ou en calquera oficina da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos no prazo antes mencionado, do 25 de outubro de 2021 ao 31 de decembro de 2021, en días hábiles, no horario establecido polas entidades ou pola Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos. Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio os impresos referidos, poderá solicitar un duplicado nas oficinas de Recadación desta deputación. Advírtese de que o feito de non recibiren os impresos non exime da obriga de pagalos no prazo mencionado, sempre que figure como contribuínte nas listas cobratorias. Para a validez do pagamento, os impresos deben estar referendados por impresión mecánica ou sinatura autorizada da correspondente oficina da entidade bancaria.

2. Padróns e listas cobratorias

Por decreto do deputado de Facenda, aprobáronse os padróns e listas cobratorias dos mencionados tributos, que comprende os suxeitos pasivos, o feito imponible e a débeda tributaria e quedan expostos ao público nos respectivos concellos e nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta deputación, durante o prazo de 1 mes a partir de que se publique este anuncio no BOP, para exame e alegacións ou reclamacións que se consideren pertinentes. Este anuncio servirá de notificación colectiva dos referidos tributos de cobro periódico por recibo, conforme ao artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

3. Recursos

Ademais das alegacións ou reclamacións antes mencionadas, contra os datos das listas cobratorias e liquidación tributaria dos referidos tributos, os/as interesados/as poden formular un recurso de reposición ante esta presidencia, no prazo de 1 mes desde que se publique este anuncio, de conformidade co que dispoñen os artigos 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido la Lei reguladora das facendas locais. Contra a desestimación expresa ou tácita do recurso de reposición, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo, nos prazos e condicións regulados na Lei da xurisdición contencioso-administrativa. O recurso de reposición

formularase de forma preceptiva antes da interposición do recurso contencioso-administrativo e a súa presentación non suspenderá a tramitación e os actos recadatorios, agás que o acorde o órgano competente con suxeición ao procedemento establecido.

Respecto á repercusión do canon da auga, poderá ser obxecto dunha reclamación económica-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Xunta de Galicia no prazo de 1 mes desde que se publique este anuncio, de acordo co que establece o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

4. Procedemento de constrinximento

Advírtese que os recibos non aboados no prazo de pagamento en voluntaria incorrerán na recarga de constrinximento do 20% , 10% ou o 5%, segundo proceda, xuros de mora e custas do procedemento, de ser o caso e cobraranse por vía executiva, conforme aos artigos 28 e seguintes da Lei xeral tributaria e concordantes do Regulamento xeral de recadación.

Respecto ao canon da auga, advírtese que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia deste directamente ao/á contribuínte pola vía de constrinximento, pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

5. Información ao contribuínte

Os/as interesados/as poden solicitar a información que necesitan dos concellos respectivos nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta deputación, rúa Cruz Vermella de Ourense, en días hábiles e horario de oficina ou chamando ao 988 317 720.

Ourense, 19 de outubro de 2021. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

### Diputación Provincial de Ourense

*Cobro de la tasa por el suministro de agua, canon del agua, tasa por la recogida de residuos sólidos urbanos de varios años de los municipios que se relacionan*

*En ejercicio de las facultades delegadas por los ayuntamientos que se relacionan y una vez asumidas por esta corporación provincial para la gestión tributaria y recaudatoria, se publica y se informa a los/as contribuyentes y demás interesados/as lo siguiente:*

1. *Cobro de tributos en período voluntario: de conformidad con lo que dispone el artículo 24 del Reglamento general de recaudación, se anuncia el cobro en período voluntario, con el siguiente detalle:*

a) *Tributo al cobro:*

*-Tasa por el suministro de agua y canon del agua: Bande, tercer trimestre de 2021*

*- Tasa por el suministro de agua, canon da auga e taxa por la recogida de residuos sólidos urbanos: Larouco, tercer trimestre de 2021*

*Plazo de pago en voluntaria: la cobranza en período voluntario tendrá lugar desde el 25 de octubre de 2021 hasta el 31 de diciembre de 2021.*

*b) Lugar y forma de pago: los/as contribuyentes recibirán en su domicilio los impresos de los recibos-resguardo de pago, que*



deberán abonar en cualquier oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, BBVA, Banco Santander, Banco Sabadell/Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) o en cualquier oficina de la Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos en el plazo antes mencionado, del 25 de octubre de 2021 al 31 de diciembre de 2021, en días hábiles, en el horario establecido por las entidades o por la Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos. Si algún/alguna contribuyente no recibe en su domicilio los impresos referidos, podrá solicitar un duplicado en las oficinas de recaudación de esta diputación. Se advierte de que el hecho de no recibir los impresos no exime de la obligación de pagarlos en el plazo mencionado, siempre que figure como contribuyente en las listas cobratorias. Para la validez del pago, los impresos deben estar refrendados por impresión mecánica o firma autorizada de la correspondiente oficina de la entidad bancaria.

#### 2. Padrones y listas cobratorias:

Por decreto del diputado de Hacienda, se aprobaron los padrones y listas cobratorias de los tributos mencionados, que comprende los sujetos pasivos, el hecho imponible y la deuda tributaria. Quedan expuestos al público en los respectivos ayuntamientos y en las oficinas del Servicio Municipal de Recaudación de esta diputación, durante el plazo de un mes a partir de que se publique este anuncio en el BOP, para examen y alegaciones o reclamaciones que se consideren pertinentes. Este anuncio servirá de notificación colectiva de los referidos tributos de cobro periódico o recibo, conforme al artículo 102.3 de la Ley General Tributaria.

#### 3. Recursos:

Además de las alegaciones o reclamaciones ante mencionadas, contra los datos de las listas cobratorias y liquidación tributaria de los referidos tributos, los/as interesados/as pueden formular un recurso de reposición ante esta presidencia, en el plazo de 1 mes desde que se publique este anuncio, de conformidad con el artículo 14.2 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Contra la desestimación expresa o tácita del recurso de reposición, podrá interponer un recurso contencioso-administrativo, en los plazos y condiciones regulados en la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. El recurso de reposición se formulará de forma preceptiva previamente a la interposición del recurso contencioso-administrativo y su presentación no suspenderá la tramitación y los actos recaudatorios, excepto que lo acuerde el órgano competente con sujeción al procedimiento establecido.

Respecto a la repercusión del canon del agua, podrá ser objeto de una reclamación económico-administrativa ante el órgano económico-administrativo de la Xunta de Galicia en el plazo de 1 mes, desde que se publique este anuncio, de acuerdo con lo que establece el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del Canon del Agua y del Coeficiente de Vertido a Sistemas Públicos de Depuración de Aguas Residuales.

#### 4. Procedimiento de apremio

Se advierte que los recibos no abonados en el plazo de pago en voluntaria incurrirán en recargo de apremio del 20%, 10% o 5%, según proceda, intereses de demora y costas del procedimiento, en su caso y se cobrarán por vía ejecutiva, conforme a los artículos 28 y siguientes de la Ley General Tributaria y concordantes del Reglamento General de Recaudación.

Respecto al canon del agua, se advierte de que la falta de pago en el período voluntario señalará supondrá la exigencia de éste directamente al/a la contribuyente por la vía de apre-

mio, por la Consejería competente en materia de Hacienda de la Xunta de Galicia, de conformidad con lo que establece el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del Canon del Agua y del Coeficiente de Vertido a Sistemas Públicos de Depuración de Aguas Residuales.

#### 5. Información al contribuyente

Los/as interesados/as pueden solicitar la información que necesiten de los ayuntamientos respectivos en las oficinas del Servicio Municipal de Recaudación de esta diputación, calle Cruz Roja de Ourense, en días hábiles y horario de oficina o llamando al 988 317 720.

Ourense, 19 de octubre de 2021. El diputado delegado de Economía y Hacienda.

Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 2.750

## Deputación Provincial de Ourense

Aprobación definitiva do expediente nº 8/2021 de modificación dos créditos orzamentarios do orzamento do exercicio 2021 da Deputación Provincial de Ourense, mediante concesión de créditos extraordinarios e suplementos de créditos e da modificación das bases de execución do orzamento.

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2021, acordou aprobar o expediente número 8/2021 de modificación de créditos do orzamento do exercicio 2021, mediante concesión de créditos extraordinarios, suplementos de créditos e das bases de execución da Deputación Provincial de Ourense.

Logo de transcorrer o prazo de exposición ao público sen que se presentasen reclamacións, enténdese aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 169.1 en relación co artigo 177.2, ambos os dous da Lei reguladora das facendas locais, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Procédese á publicación, resumido por capítulos, do estado de gastos e de ingresos do orzamento:

Estado de gastos

Capítulo 1º.- Gastos de persoal; 32.937.824,57 €

Capítulo 2º.- Gastos correntes en bens e servizos; 21.561.549,69 €

Capítulo 3º.- Gastos financeiros; 57.996,73 €

Capítulo 4º.- Transferencias correntes; 16.817.766,43 €

Capítulo 5º.- Fondo de continxencia; 70.000,00 €

Capítulo 6º.- Inversións reais; 14.015.578,35 €

Capítulo 7º.- Transferencias de capital; 15.658.068,96 €

Capítulo 8º.- Activos financeiros; 1.803.049,02 €

Capítulo 9º.- Pasivos financeiros; 702.200,40 €

Total, estado de gastos; 103.624.034,15 €

Estado de ingresos

Capítulo 1º.- Impostos directos; 4.600.000,00 €

Capítulo 2º.- Impostos indirectos; 4.090.000,00 €

Capítulo 3º.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos; 4.823.995,66 €

Capítulo 4º.- Transferencias correntes; 65.429.266,24 €

Capítulo 5º.- Ingresos patrimoniais; 99.012,00 €

Capítulo 6º.- Alleamento de inversións reais; 21.000,00 €

Capítulo 7º.- Transferencias de capital; 336.726,10 €

Capítulo 8º.- Activos financeiros; 24.224.034,15 €

Total, estado de ingresos, 103.624.034,15 €

Ourense, na data da sinatura electrónica. O vicepresidente.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.



## Diputación Provincial de Ourense

Aprobación definitiva del expediente nº 8/2021 de modificación de créditos presupuestarios del presupuesto del ejercicio 2021 de la Diputación Provincial de Ourense mediante la concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito y de la modificación de las bases de ejecución del presupuesto.

El Pleno de la Corporación Provincial, en la sesión ordinaria del día 24 de septiembre de 2021, acordó aprobar el expediente número 8/2021 de modificación de créditos del presupuesto del ejercicio 2021, mediante concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito y de la modificación de las bases de ejecución del presupuesto de la Diputación Provincial de Ourense.

Una vez transcurrido el plazo de exposición al público sin que se hubiesen presentado reclamaciones, se entiende aprobado definitivamente, de conformidad con el artículo 169.1 en relación con el artículo 177.2, ambos de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, cuyo texto refundido fue aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Se procede a su publicación resumido por capítulos, el estado de gastos y de ingresos del presupuesto:

### Estado de gastos

Capítulo 1º.- Gastos de personal; 32.937.824,57 €

Capítulo 2º.- Gastos corrientes en bienes y servicios; 21.561.549,69 €

Capítulo 3º.- Gastos financieros; 57.996,73 €

Capítulo 4º.- Transferencias corrientes; 16.817.766,43 €

Capítulo 5º.- Fondo de contingencia; 70.000,00 €

Capítulo 6º.- Inversiones reales; 14.015.578,35 €

Capítulo 7º.- Transferencias de capital; 15.658.068,96 €

Capítulo 8º.- Activos financieros; 1.803.049,02 €

Capítulo 9º.- Pasivos financieros; 702.200,40 €

Total, estado de gastos; 103.624.034,15 €

### Estado de ingresos

Capítulo 1º.- Impuestos directos; 4.600.000,00 €

Capítulo 2º.- Impuestos indirectos; 4.090.000,00 €

Capítulo 3º.- Tasas, precios públicos y otros ingresos; 4.823.995,66 €

Capítulo 4º.- Transferencias corrientes; 65.429.266,24 €

Capítulo 5º.- Ingresos patrimoniales; 99.012,00 €

Capítulo 6º.- Enajenación de inversiones reales; 21.000,00 €

Capítulo 7º.- Transferencias de capital; 336.726,10 €

Capítulo 8º.- Activos financieros; 24.224.034,15 €

Total, estado de ingresos, 103.624.034,15 €

Ourense, 20 de octubre de 2021. O vicepresidente.

Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 2.776

## III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

#### Consellería de Emprego e Igualdade

#### Xefatura Territorial

Ourense

Convenio ou acordo: Apetamcor

Expediente: 32/01/0062/2021

Data: 05/10/2021

Asunto: Resolución de inscripción e publicación

Destinatario: María José de Miguel Pérez

Código de convenio número 32100232012021.

Asunto: modificación do texto

Modificación no texto do Convenio colectivo de Apetamcor, con código de convenio número 32100232012021, que foi publicado no BOP núm. 136, do 17 de xuño de 2021, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, BOE núm. 236, do 2 de outubro.

Esta xefatura territorial de Emprego e Igualdade de Ourense acuerda: ordenar a/s seguinte/s corrección/s:

Publicar no Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, a modificación do texto do devandito convenio colectivo.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O xefe territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Ourense.

Asdo.: Yago Borrajo Sánchez.

Acta (corrección de erros)

En Ourense, ás 12:00 horas do 28 de setembro de 2021, reúnese na sede social de Apetamcor, situada na rúa 7B, do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, rúa 7B, C.P. 32901 San Cibrao das Viñas, Ourense, as persoas que a continuación se relacionan, integrantes da Comisión Negociadora do Convenio e da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Apetamcor.

Pola empresa: Mª Elisa Otero López; pola parte social: (UGT) Aurora Núñez Ansia

Acordan:

As partes manifiestan que no texto do convenio colectivo publicado no Boletín Oficial da Provincia, o xoves 17 de xuño de 2021, non inclúe dous acordos acadados polas partes ao longo do proceso negociador.

Que sendo vontade das partes corrixir o erro, proceden a asinar esta acta para que o texto do convenio colectivo recolla os acordos acadados no proceso negociador, proceden a incluír no texto as seguintes modificacións:

1.- Inclúese un novo artigo, o 16 bis co seguinte contido:

Artigo 16 bis.- Contrato eventual

“Contrato eventual - O contrato de duración determinada da modalidade eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, regulado no artigo 15.1.b) do Estatuto dos traballadores, poderá ter unha duración máxima de 12 meses dentro dun período de 18 meses.”

2.- No artigo no que se regulan as licenzas e permisos, procedese a modificar os apartados d), e), f) e j) sendo a súa redacción a que a continuación figura.

Artigo 26.- Permisos retribuídos

Considéranse permisos regulamentarios retribuídos os seguintes:

d) Por accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, país, país políticos, fillos (maiores de idade) e irmáns: dous días naturais; en caso de tratarse do cónxuxe ou fillos menores de idade: 5 días naturais.

e) Por falecemento de cónxuxe, país, fillos, irmáns: 5 días naturais dos que 3 deben ser hábiles.

f) Por falecemento de avós, avós políticos, país políticos cuñados, xenros e noras: 2 días naturais. Por falecemento de tíos por consanguinidade: 1 día natural.

j) Para levar ao médico a fillos menores de 16 anos ou ascendentes maiores de 65 anos ou dependentes a cargo: o tempo que sexa necesario, achegando xustificación.

Así mesmo, acordan autorizar e delegar en María J. de Miguel Pérez, con DNI 34 962 616-V, para que realice cantos trámites sexan oportunos para o depósito, rexistro e publicación desta acta.

Pola empresa: Mª Elisa Otero López.

Pola parte social: (UGT) Aurora Núñez Ansia.

Secretaría de actas: María J. de Miguel Pérez.



## Consellería de Empleo e Igualdad

### Jefatura Territorial Ourense

Convenio o acordo: Apetamcor

Expediente: 32/01/0062/2021

Fecha: 05/10/2021

Asunto: Resolución de inscripción y publicación

Destinatario: María José de Miguel Pérez

Código de convenio número 32100232012021.

Asunto: modificación texto

Modificación del texto del Convenio Colectivo de Apetamcor, con código de convenio número 32100232012021, que fue publicado en el BOP núm. 136, 17 de junio de 2021, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 109 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo común de las Administraciones Públicas BOE núm. 236, de 2 de octubre.

Esta Jefatura Territorial de Empleo e Igualdad de Ourense, acuerda:

Ordenar la/s siguiente/s corrección/es:

Publicar en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, la modificación del texto del convenio colectivo mencionado.

Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El jefe territorial de la Consellería de Empleo e Igualdade en Ourense.

Fdo.: Yago Borrajo Sánchez.

Acta (corrección de errores)

En Ourense, siendo las 12:00 horas del 28 de septiembre de 2021, se reúnen en la sede social de Apetamcor, sita en la calle 7B, del Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, calle 7B, C.P. 32901 San Cibrao das Viñas, Ourense, las personas que a continuación se relacionan, integrantes de la Comisión Negociadora del convenio y a su vez de la Comisión Paritaria del Convenio Colectivo de Apetamcor.

Por la empresa: M<sup>a</sup> Elisa Otero López, Por la parte social: (UGT). Aurora Núñez Ansia

Acuerdan:

Las partes manifiestan que en el texto del convenio colectivo publicado en el Boletín Oficial de la Provincia el jueves 17 de junio de 2021, no incluye dos acuerdos alcanzados por las partes en el transcurso del proceso negociador.

Y que siendo voluntad de las partes corregir el error, proceden a firmar esta acta para que el texto del convenio colectivo recoja los acuerdos alcanzados dentro del proceso negociador, proceden a incluir en el texto las siguientes modificaciones:

1.- Se incluye un nuevo artículo, el 16 bis con el siguiente contenido:

Artículo 16 bis .- Contrato eventual

“Contrato eventual.- El contrato de duración determinada de la modalidad eventual por circunstancias de la producción, acumulación de tareas o exceso de pedidos, regulado en el artículo 15.1.b) del Estatuto de los Trabajadores, podrá tener una duración máxima de 12 meses dentro de un período de 18 meses.”

2.- En el artículo en el que se regulan las licencias y permisos, se procede a modificar los apartados d), e), f) y j) cuya redacción es la que a continuación figura.

Artículo 26.- Permisos retribuidos

Se consideran permisos reglamentarios retribuidos los siguientes:

d) Por accidente o enfermedad grave, hospitalización o intervención quirúrgica sin hospitalización que precise reposo domiciliario, padres, padres políticos, hijos (mayores de edad) y

hermanos: dos días naturales; en caso de tratarse del cónyuge o hijos menores de edad: 5 días naturales.

e) Por fallecimiento de cónyuge, padres, hijos, hermanos: 5 días naturales de los cuales 3 deben ser hábiles.

f) Por fallecimiento de abuelos, abuelos políticos, padres políticos cuñados, yernos y nueras: 2 días naturales. Por fallecimiento de tíos por consanguinidad: 1 día natural.

j) Para llevar al médico a hijos menores de 16 años o ascendientes mayores de 65 años o dependientes a cargo, el tiempo que sea necesario, aportando justificación.

Asimismo, acuerdan autorizar y delegar en María J. de Miguel Pérez, con DNI 34.962.616-V, para que realice cuantos trámites sean oportunos para el depósito, registro y publicación de esta acta.

Por la empresa: M<sup>a</sup> Elisa Otero López.

Por los trabajadores: Aurora Núñez Ansia.

Secretaria de actas: María J. de Miguel Pérez.

R. 2.670

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### IV. ENTIDADES LOCALES

#### O Barco de Valdeorras

Corrección de erros no anexo de persoal funcionario do orzamento 2021

Por acordo do Pleno do día 8 de abril de 2021 aprobouse definitivamente o orzamento do Concello do Barco de Valdeorras para o exercicio 2021 (BOP de Ourense, nº 85 do venres 16 de abril de 2021).

Constatáronse erros aritméticos nos importes da columna referida ao complemento de destino (C. destino) do anexo de persoal funcionario que acompaña os orzamentos para 2021, consistentes na duplicidade dos importes das mensualidades do complemento de destino que forman parte das pagas extraordinarias. As dúas mensualidades das pagas extraordinarias de xuño e decembro foron incluídas tanto na columna “C. destino” como na columna “P. extras”.

Tendo en conta (STS, do 27 de decembro de 1991, FX 1.º e 2.º), unha vez detectado o erro, a Administración ten a obriga de corrixilo, polo que o Pleno do Concello do Barco de Valdeorras, na sesión ordinaria do 2 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“1.- Corrixir os erros materiais advertidos no anexo de persoal funcionario que acompaña os orzamentos para 2021.

2.- Que se proceda á publicación dun anuncio de corrección de erros no BOP de Ourense para xeral coñecemento.”

O orzamento e o expediente de corrección dos erros atópanse á disposición das persoas interesadas nas dependencias municipais para o seu coñecemento.

O Barco de Valdeorras, na data da sinatura electrónica.

O alcalde. Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

Corrección de errores en el anexo de personal funcionario del presupuesto 2021

Por acuerdo del Pleno de día 8 de abril de 2021, se aprobó definitivamente el presupuesto del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras para el ejercicio 2021 (BOP de Ourense, nº 85 del viernes 16 de abril de 2021).

Se constataron errores aritméticos en los importes de la columna referida al complemento de destino (C. destino) del anexo de personal funcionario que acompaña a los presupues-



tos para 2021, consistente en la duplicidad de los importes de las mensualidades del complemento de destino que forman parte de las pagas extraordinarias. Las dos mensualidades de las pagas extraordinarias de junio y diciembre fueron incluidas tanto en la columna "C. destino" como en la columna "P. extras".

Teniendo en cuenta (STS, de 27 de diciembre de 1991, FX 1.º y 2.º), que una vez detectado el error, la Administración tiene el deber de corregirlo, el Pleno del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, en la sesión ordinaria del 2 de septiembre de 2021, adoptó el siguiente acuerdo:

" 1.- Corregir los errores materiales advertidos en el anexo de personal funcionario que acompaña a los presupuestos para 2021.

2.- Que se proceda a la publicación de un anuncio de corrección de errores en el BOP de Ourense para general conocimiento."

El presupuesto y el expediente de corrección de los errores se encuentran a la disposición de las personas interesadas en las dependencias municipales para su conocimiento.

O Barco de Valdeorras, en la fecha de la firma electrónica.

El alcalde. Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

R. 2.674

## O Carballiño

Axudas de libros e material escolar 2021/22

BDNS (Identif.): 588849

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/588849>)

Primeira: obxecto e finalidade da convocatoria

Estas bases teñen por obxecto a regulación, tomando como marco legal a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño que se rexe ao mesmo tempo pola Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro, e bases de execución do orzamento do Concello do Carballiño, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, destinadas ás familias con menor poder adquisitivo do Concello do Carballiño que teñan nenos e nenas ao seu cargo, escolarizados en centros públicos ou concertados do Concello do Carballiño

Segunda. Beneficiarios/as

As familias con menor poder adquisitivo do Concello do Carballiño e nas que:

a.- Todos os membros da unidade de convivencia estean empadronados no Concello do Carballiño con seis meses de antigüidade, como mínimo.

b.- Os/as solicitantes estean matriculados en educación infantil (3, 4 e 5 anos) nun centro educativo do Concello do Carballiño. No caso de cambiarse a un centro educativo doutro concello (despois de solicitar a axuda), non terá dereito a percibila.

c.- Non superen os 6.000 € de renda per cápita anual (6.000 euros por membro da unidade familiar). Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro e dividirase entre os membros da unidade de convivencia. De non se presentar a declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Para efectos destas bases, considérase que forman a unidade de convivencia: os cónxuxes, parellas de feito, os/as fillos/as maiores e menores de idade e os ascendentes de cónxuxes e titores legais que convivan no mesmo domicilio.

Nos casos de separación ou divorcio considerárase o pai ou a nai que teña a custodia dos/das menores por sentenza xudicial. No caso de custodia compartida consideráranse a ambos os proxeñitores.

Nos casos de violencia de xénero, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita familiar.

Terceira. Crédito

1. O importe total asignado no orzamento municipal que se destina é de 5.000 euros, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 326.00/48001 consignada no orzamento municipal do 2021.

2. As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas

3. A contía máxima das axudas será de 100 €

Sexta. Presentación de solicitudes, prazo e documentación

